

PRESENTACIÓN

Fiel ó seu compromiso de contribuir ó coñecemento e difusión da historia da terra na que vivimos, o Museo Manuel Reimóndez Portela presenta o volume número tres, correspondente ó ano 2000, do anuario **A ESTRADA, miscelánea histórica e cultural** no que teñen cabida, a carón de persoas cunha xa longa experiencia no ámbito do traballo histórico, investigadores noveis que nos ofrecen estudos de innegable interese científico.

E así, abrimos este volume cun interesante traballo de prehistoria sobre diverso material cerámico e pulseira de bronce procedente do castro de Olives, da autoría dos xoves investigadores Beatriz Pereiras Magariños, Xosé Lois Ladra Fernández e Nuria Calo Ramos. A Casa e a Torre de Guimarei -tan presentes no colectivo sentimental dos estradenses-, o magnífico blasón que preside a porta principal e a ascendencia dos seus titulares, constitúen o tema de investigación abordado por Eduardo Pardo de Guevara, quen, por primeira vez, ofrece a xenealoxía completa da liñaxe dos Mosquera, señores, entre outras mercedes, da Casa e Torre de Guimarei e posteriores titulares do Marquesado do mesmo nome. Séntanse así as bases para posteriores estudos -xa en fase de planificación- sobre este importante conxunto histórico e os seus antigos moradores. Ilustra o traballo un magnífico dibuxo de Xosé Vizoso.

O motín de 1870, episodio de violencia colectiva pouco coñecido e protagonizado por labregos enfurecidos que inten-

taron asaltar a vila da Estrada, así como a organización da defensa e a represión dos rebeldes, constituíu o tema de estudo de Xoán Andrés Fernández Castro. María Xesús Fernández Bascuas, pola súa banda, prosegue a liña investigadora emprendida no anterior volume en torno á evolución do urbanismo estradense, do que hoxe se presenta a segunda entrega, na que se inclúe o estudio do plan de ordeación de 1926.

Unha das reivindicacións históricas dos estradenses foi a construción dunha liña de ferrocarril que, pasando pola capital municipal, contribuíse á dinamización económica e social da comarca. O primeiro proxecto, que nunca se levou a cabo, data do 1899 e mereceu a atención de Xosé Manuel Castaño García, que nos ofrece aquí o froito da súa investigación.

A actual configuración do concello de A Estrada supón o resultado final dunha serie de cambios que se experimentaron no decurso do século XIX, a tenor das novas esixencias da organización territorial do estado contemporáneo. As condicionantes políticas, xeográficas e demográficas que configuraron as distintas alternativas constitúen o tema de traballo de Ángel Miramontes Carballada, primeiro dunha serie de entregas sobre a xeografía do concello estradense que pretenden cubrir as importantes carencias que neste eido se observan.

Xa a finais do século XIX a sona saudable dos aires estradenses acadaba gran parte de Galicia, de modo que os afectados de tise e posteriormente os enfermos de gripe -recordamos especialmente a de 1918, da que no anterior número de A ESTRADA se ofrecía un interesante traballo- buscaban cura e refuxio na nosa vila; ó socaire deste feito xurdiu un fenómeno socio-cultural, sanitario, e incluso urbanístico moi complexo mais nunca tratado dunha maneira integral; faino agora Olimpio Arca Caldas, para lembranza das vellas xeracións e xeral coñecemento das novas.

Non pode faltar nestas páxinas a nosa aportación ó coñecemento da vida, obra e significación de Castelao, tan vinculado á Estrada, especialmente nesta data simbólica do ano 2000. Así, este número de A ESTRADA ábrese cun dibuxo da Torre de Guimarei obra de Castelao e, xa no interior, Javier Travieso Mougán ofrécenos o estudio dun óleo que o rianxei-

ro regalou a Manuel Leyes, médico estradense que asistiu á esposa de Castelao, Virxinia Pereira, no parto do fillo de ambos Alfonso Xesús Rodríguez Pereira, nacido na Estrada o 1 de febreiro de 1914.

Será no próximo ano cando se celebre o centenario do nacemento do poeta Manuel Cabada Vázquez e para aquela poderemos xa disfrutar da biografía e edición crítica da súa obra -breve pero intensa e emotiva- da que é autor o seu sobriño Manuel Cabada Castro. É precisamente este escritor quen nos ofrece un estudio sobre os fondos bibliográficos da biblioteca de Cabada Vázquez, aportación que, sen dúbida, contribuirá á mellor comprensión das claves culturais, humanas e políticas do poeta de Codeseda.

O tema da emigración, que na actualidade está a cobrar renovado pulo entre os historiadores, vai ter, como non podía ser doutra maneira, un foro de discusión permanente no ámbito do museo, de modo que as súas conclusións e resultados se irán dando a coñecer no seu momento. Nesta ocasión é María Luisa Pazos quen, reivindicando os epistolarios como fonte histórica de primeiro orde, emprende unha apaixonante incursión na vida cotiá dos nosos devanceiros emigrantes e dos familiares e amigos que permaneceron en Galicia.

O Comité de Redacción